



ACORDO DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CAMPIONATOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE PISCÍCOLA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2020.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Manuel Mouzo Méndez, con NIF 76348401Q, presidente da Federación Galega de Pesca e Casting, segundo consta no Rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente acordo na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o 11/3/2020, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Federación Galega de Pesca e Casting subscribiron un convenio de colaboración a través da organización de campionatos e eventos relacionados coa actividade piscícola na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa posterior divulgación.

SEGUNDO. Que o 22/7/2020 constituíuse a Comisión de Seguimento establecida na cláusula sexta do Convenio.

TERCEIRO. Polos motivos que constan na acta da reunión da Comisión de Seguimento, os seus membros consideran que se debe invocar a cláusula novena do convenio para promover a súa extinción por mutuo acordo e acórdase que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das potestades administrativas que a cláusula décima do convenio lle outorga para resolver as cuestións que xurdan sobre a interpretación e cumprimento do convenio, realice os trámites oportunos para resolver o Convenio de colaboración entre a Consellería de





Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Pesca e Casting, para a realización de actividades de organización de eventos e campionatos relacionados coa actividade piscícola na comunidade autónoma de Galicia para o ano 2020.

CUARTO. A Federación Galega de Pesca e Casting declara que renuncia á indemnización dos gastos nos que incorreu, vencellados ao convenio.

ACORDAN

Resolver, por mutuo acordo o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Pesca e Casting, para a realización de actividades de organización de eventos e campionatos relacionados coa actividade piscícola na comunidade autónoma de Galicia para o ano 2020.

E, en proba de conformidade co arriba exposto, asinan este acordo por triplicado exemplar no lugar e data sinalados.

A conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

O presidente da Federación Galega de
Pesca e Casting

Ángeles Vázquez Mejuto

Manuel Mouzo Méndez

